

LIBROS

Ao abrir este libro atopamos a dedicatoria do autor aos compañeiros da ruta de música que lle chaman, coma o título da obra, *Tres Trebóns*, informándonos na lapela de que Xurxo Souto (A Coruña, 1966) antigo vocalista do conxunto *bravú*, Os Diplomáticos de Monte-Alto, toca o acordeón no grupo que leva o mesmo nome que este libro. Trala lectura, fica a borrar dentro do lector o universo propio que o escritor xa amosara nas súas anteriores obras: nos dous libros de relatos *A tralla e a arroutada* (1995), e *Fumareu* (1997), na novela *O Retorno dos Homes Mariños* (1999), e na escolma de artigos *Contos da Coruña* (2001). No limiar do escritor Fran Alonso afirmase que pertence Souto a esa extraña raza que é a dos fabuladores infatigables. E, a maiores, dánosen as claves da lectura: “exerce o seu oficio con frescura, con orixinalidade, cun poderoso universo propio que constrúe asumindo o mellor da tradición, o mellor da oralidade, o mellor da lingua popular, o mellor do rexistro dos contadores de contos”.


Velaquí que estamos diante dun conxunto de cinco relatos que transmiten imaxes de Santiago (“As fon-

Tres Trebóns

Música, piercings e tatuaxes



LAURA CAVEIRO



tes de Compostela”), da Ribeira do Berbés e do seu vello mundo mariñeiro (“A pesca do Mar-rau”), de calquera aldea metáfora de tantas (“Aldea terremota”), da coñecida desfeita acontecida na Coruña ao se derrubar o vertedoiro do Portiño en 1996 (“A voda máis bonita do mundo”), e da Barcelona musical e insomne (“A marabilla de Barna”).... En todos eles o puzzle de flashes vai retratando as modas de varias xeracións, coa omnipresencia da emigración galega, con ironía, e coa música como elemento que semella mover os fíos que turren dos personaxes, querenza dun escritor que pediu o Día das Letras Galegas para Pucho Boedo.

SOUTO SABE ESPALLAR
CORES, SABORES E MAIS
CHEIROS DESDE UNHA
INNEGABLE EFICACIA NA
ARTE DE NARRAR

Sobrancea quizais neste libro un conto que non é inédito, “A voda máis bonita do mundo”, onde máis limpamente se poden apreciar as boas artes do narrador, e “Aldea terremota” do que nos di o propio Xurxo Souto que é, en rigor, un longo pé de foto: en 1997 o arquitecto Pablo Gallego Picard pediulle que armase unha historia a partir das fotografías realizadas para unha exposición, e así naceu esta viaxe cara aos adentros de calquera curruncho de Galiza.

Atínase ben en *Tres trebóns* harmonizando, co recoñecible estilo telúrico de seu, os personaxes cos ambientes. Como atinan as descrições minuciosas, case fotográficas. As frases, curtas e incisivas, danlle información ao lector con poucas palabras, entre referencias como os Tamará e o campo da festa, tascas e Urbano Lúgrís no bar “A Guinda”, a rúa do Vilar e a rúa do Franco, sándwich mixto e sándwich de bocarte con tomate, música cascarilleira e rumbas, copos e petisco, o duro mar de Terranova e as bocas do metro de Barcelona, moitas tazas de viño e licor café, pandeiradas e tangos, pubs e autos de choque, vodas con arroz e traxes de casar alugados, colegas e repunantes, sesión-dj brutal e festas rachadas, fritanga e percebes, moita tropa e nenas de ouro, churrasco e faria, gaiteiros e os primeiros pantalóns acampanados de Galiza, tute e vertedoiros que caen oa mar, as Ramblas e as Casas Reais, telenovelas e diluvios, a Algalia e a Igrexa das Ánimas, os grelos e a mostaza, a flor da xenciana e cuspe, espallando cor, sabor e cheiro sobre unha innegable eficacia narrativa.

SOUTO, Xurxo, *Tres trebóns*, Ed. Xerais, Vigo, 2005, 158 páxinas